



UNIDADE 10

Gustoume moito

Remita os seus estudantes á fotografía da portadiña e pregúntelles se coñecen o lugar que aparece nela ou se lles recorda a algún que coñezan. Trátase da praia das Catedrais, que se atopa no concello lucense de Ribadeo. Esta praia é coñecida polo efecto do mar nos cantís, moi semellante nalgunhas zonas aos arcos dunha catedral, característica que a converte nun lugar con moita afluencia turística. Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se lles gusta facer fotos, gravar vídeos ou mercar recordos dos lugares que visitan e anímeos a levar á clase algún para comentar cos compañeiros e compañeiras como foi a viaxe, que foi o que máis lles gustou...

Presente despois os obxectivos e a tarefa final da unidade: facer unha lista das cousas máis interesantes do lugar no que están.



1. A CORUÑA

Ler un artigo sobre catro lugares da Coruña. Comentar cales son os tres lugares imprescindibles das súas cidades.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Tanto se traballa con estudantes galegos coma con estranxeiros, anímeos a levar a cabo o que se lles pide no punto **B**, aínda que non procedan dunha cidade: tanto se son dunha vila ou dun lugar máis pequeno, pídalles que elixan tres lugares que unha persoa de fóra debería coñecer ou que sexan especiais para eles por algunha razón.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se estiveron algunha vez na Coruña. Se se dese o caso, pídalles que comenten se, ademais dos lugares que aparecen no libro, houbo algún outro lugar da cidade que lles gustase especialmente. O resto dos compañeiros e compañeiras pódeno ter en conta á hora de decidir que sitio lles gustaría visitar.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que lean o artigo proporcionado, no que se fala de catro lugares de interese turístico da cidade da Coruña. Teñen que decidir a cal deles lles gustaría ir e comentalo cun compañeiro ou compañeira. Durante a lectura, axúdeos coas dúbidas que poidan ter. Pode ler en voz alta a mostra de lingua proporcionada e comentar, se for necesario, o uso de **gustaríame** + infinitivo para expresar desexos.

B. Anímeos a comentar co resto da clase cales son os sitios imprescindibles do seu lugar de procedencia (cidade, vila...). Se quere, pode comezar vostede dando un exemplo.

2. CULTURA GALEGA

Escoitar unhas conversas e decidir de que obra se fala e que se di de cada unha delas. Comentar a axenda cultural do lugar no que se atopan.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se vostede traballa con alumnos e alumnas cun nivel alto de comprensión do galego, pode obviar a primeira escoita, na que deben determinar de que obra se está a falar. Para a realización do punto **C**, sería conveniente que vostede levase á clase algunha guía de ocio da cidade na que se atopan. Se non existise ningunha, busque a información en Internet e pásellela aos seus estudantes.

ANTES DE EMPEZAR

Se vostede imparte clase no estranxeiro, pregúntelles aos seus alumnos e alumnas que maneiras teñen de estar en contacto coa cultura galega. Escoite as súas respostas e, de non o faceren eles, mencione vostede que unha boa maneira

pode ser coñecendo as producións culturais feitas en Galicia. Interésese por saber se os seus estudantes coñecen os protagonistas das producións que aparecen: Manuel Rivas, Antón Reixa, Suso de Toro e Carlos Núñez.

PROCEDEMENTOS

A. Sinale o artigo que propón tres producións culturais para coñecer mellor a cultura contemporánea galega. Déalles uns minutos para ler as tres recensións e aclare calquera dúbida que poida xurdir. A seguir, dígalles que van escoitar dúas persoas falar sobre cada unha das obras. Pídalles que durante a primeira escoita traten de determinar a cal delas se fai referencia en cada conversa e que o anoten no cadro correspondente.

Solución

1. *Trece badaladas*
2. *Todos os mundos*
3. *O lapis do carpinteiro*

B. Dígalles que agora van volver escoitar as mesmas conversas, pero deben prestar atención a cousas diferentes para intentar encher o cadro que se atopa dentro desta epígrafe. Nel deben sinalar se as producións lles gustaron ou non ás persoas que falan e anotar as cousas que comenten sobre cada obra. Pase a gravación máis dunha vez, se fose necesario, e permítalles comparar as súas anotacións entre eles e elas. Faga despois unha posta en común e recolla no encerado os comentarios que os seus estudantes seleccionaron das conversas. Pode remitilos á páxina 157 para que, lendo as transcripcións, eles mesmos comprobren se acertaron.

Despois da posta en común, poden comentar cal das obras pensan que lles gustaría máis para ocupar o seu tempo durante a semana na que se atopan.

C. Pregúntelles se coñecen a oferta de ocio da cidade ou da vila na que se atopan (se é escasa, pode preguntar pola dunha cidade próxima). Proporcionelles vostede o material que se comentou en “Observacións previas” e anímeos a que comenten cal das ofertas culturais lles resulta máis atractiva. Se o considera adecuado, pode pedirles que negocien ata atopar unha actividade que lles interese a todos e a todas e organizar unha saída con toda a clase.



3. XA ESTIVECHES EN LUGO?

Reflexionar sobre o uso de xa e aínda non.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade preténdese que os seus estudantes entendan o funcionamento dos marcadores **xa** e **aínda**

non, combinados co pretérito para expresar a realización ou non dunha acción. Nesta ocasión, a proposta didáctica difire da habitual no libro; vostede leva a cabo una breve exemplificación e os seus estudantes fan unha pequena práctica.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado os seguintes exemplos e subliñe **xa** e **aínda non**:

Xa estudamos máis da metade de Aula de galego 1. Aínda non rematamos Aula de galego 1.

A seguir, pregúntelles aos seus estudantes cal dos dous marcadores indica que unha acción se cumpriu (**xa**).

PROCEDEMENTOS

Pídalles agora que completen as frases con **xa** e **aínda non**. Antes da posta en común, permítalles comparar as respostas en parellas.

Solución

1. *aínda non* 3. *xa*
2. *xa/aínda non* 4. *aínda non*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 123, exercicio 3.

4. GUSTARÍAME

Observar o uso do verbo *gustar* en condicional combinado con pronomes para expresar desexos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Aproveite a ocasión para, no punto A, chamar a atención dos seus estudantes sobre a colocación dos pronomes en galego. Resalte a anteposición do pronome no exemplo 2, debido á presenza do adverbio de negación **non**. As frases propostas pódense completar de maneiras diferentes, as posibilidades están abertas mentres o resultado sexa coherente no intercambio lingüístico en cuestión.

ANTES DE EMPEZAR

Pode recordarlles aos seus estudantes que na actividade 1 da unidade xa apareceu o uso de *gustaríame*. Faga explícito, se non o fixo antes, que a construción **gustaría + pronome + infinitivo** serve para expresar desexos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que completen as frases propostas. En todas elas exprésanse desexos (propios ou alleos). Déalles uns minutos e, a continuación, fagan unha posta en común coas diferentes posibilidades que se lles ocorreron.

B. A seguir, anímeos a que lle expresen a un compañeiro ou compañeira os desexos que teñen na actualidade.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 124, exercicio 4.

5. CAEUME XENIAL

Identificar expresións de valoración. Relacionar frases con *caer ben/mal*.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os seus estudantes familiarizaranse con diferentes maneiras de valorar experiencias, lugares, persoas...

ANTES DE EMPEZAR

Se traballa vostede con estudantes estranxeiros, escriba no encerado o título da actividade e dígalles aos seus alumnos e alumnas: **Parécevos que serve para facer unha valoración positiva ou negativa? Pensades que serve para valorar experiencias, lugares ou persoas?** Poderán comprobar as súas respostas ao facer a actividade.

PROCEDEMENTOS

A. Presente a Sabela como unha rapaza que lles adoita escribir correos electrónicos aos seus amigos e amigas para contarlles as súas experiencias máis recentes. Explíquelles que nos tres correos que se proporcionan Sabela fai valoracións de experiencias, lugares, persoas etc. Pídalles que as subliñen mentres as len.

Solución

foi fantástico
paseino fenomenal
caéronme moi ben
son moi simpáticos
unha fin se semana perfecta
todo moi ben
non me gustou moito
pareceume un pouco caro
encantoume
pareceume moi orixinal
todo está coma sempre
non me gustou nada
é horrible
... que me caeu xenial

Faga unha posta en común e dirixa os seus estudantes á epígrafe “Valorar no pasado” da páxina de gramática no caso de que quedasen dúbidas.

B. Copie no encerado **Os seus pais caéronme moi ben e Xosé caeume xenial**. Subliñe **caéronme** e **caeron** e pregunte por que no primeiro caso o verbo aparece en plural, mentres que no segundo aparece en singular (pola concordancia cos respectivos suxeitos, **pais** e **Xosé**).

C. Pídalles agora que lean as frases dos cadros e que as emparellen. Permítalles comentar as súas respostas en parellas antes de facer unha posta en común.

Solución

1. B, 2. C, 3. D, 4. A

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 123, exercicios 1 e 2.

E DESPOIS

Pode propoñerlles aos seus estudantes, como deberes voluntarios, que escriban un correo electrónico coma os de Sabela, no que valoren experiencias, lugares ou persoas.



6. MAROLA, UXÍA E ALLARIZ

Escoitar tres conversas, entender de que falan e como se valoran lugares ou persoas. Comentar se un mesmo lugar os impresionou da mesma maneira.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

As conversas que van escoitar os seus alumnos e alumnas serviranlles de modelo para as súas interaccións.

ANTES DE EMPEZAR

Se lle parece adecuado, pídalles aos seus estudantes que fagan hipóteses sobre a que se refire cada un dos tres termos do título da actividade. Coa audición, poderán comprobar se acertaron.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles que van escoitar unhas gravacións e que na primeira escoita só deben determinar de que falan en cada caso. Realice a posta en común inmediatamente despois da escoita.

Solución

Marola: un restaurante.

Uxía: unha rapaza, a moza de Breogán.

Allariz: unha vila.

B. Poña de novo a gravación. Agora, os seus estudantes teñen que fixarse nas valoracións e nas opinións que se formulan sobre Marola, Uxía e Allariz e anotalas no cadro de maneira resumida.

De ser preciso, permítalles escoitar dúas veces e logo proceda á posta en común. Pode remitir os seus estudantes ás páxinas 157 e 158 para que lean as transcripcións e comprobren as súas respostas.

C. Pídalles que pensen nun lugar (unha cidade, unha rexión, un país...) que os impresionase cando foron por primeira vez. Despois, teñen que preguntarlles aos compañeiros e compañeiras se estiveron nese lugar e se lles causou a mesma impresión. Suxíralles que pensen lugares que poidan ser coñecidos polo resto. Remítaos á mostra de lingua se considera oportuno darlles un modelo de produción.

7. COUSAS EN COMÚN

Preguntarlle a un compañeiro ou compañeira sobre libros ou películas para atopar coincidencias e comentarllas ao resto da clase.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, pídenselles aos seus estudantes dúas producións orais coas que practicarán a valoración e, de forma secundaria, o uso dos pronomes de obxecto directo.

PROCEDEMENTOS

A. Distribúa os seus estudantes en parellas e pídalles que falen sobre libros e películas que lles gustasen, ata atopar un libro e unha película que lles gusten aos dous. Remítaos ao modelo de lingua para que non queden dúbidas e, se for necesario, fagan un breve repaso da colocación dos pronomes de obxecto directo antes de comezar a actividade (na parte inferior da páxina 86 do *Libro do alumno* aparece un pequeno cadro de axuda). Pode admitir como variación que busquen exemplos de libros e películas que non lles gustasen.

B. Propóñalles aos seus alumnos e alumnas que compartan cos demais en que coincidiron. Anímeos a comentar entre todos os títulos que se mencionen.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 124, exercicio 5.

8. SOÑAR É GRATIS

Idear en parellas un local público e cubrir unha ficha coas súas características. Contarllo á clase.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Apoie o proceso de negociación dos seus estudantes paseando pola clase e axudándolles nas súas producións cando sexa necesario.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus estudantes: **Imaxínade que tendes moitos cartos e que queredes abrir un local. Que tipo de local vos gustaría abrir: un bar, un restaurante, unha tenda de deportes...?** Teña en conta as respostas para formar as parellas segundo os intereses comúns que poida haber. A seguir, unha vez formadas as parellas, dígalles que teñen que encher a ficha que aparece no libro con certos datos e características do local no que pensaron. Sexa xeneroso co tempo que lle asigne ao proceso de negociación que van ter que levar a cabo os seus estudantes. Ofrezalles ideas e consellos e permítalles empregar o dicionario se o necesitan.

B. Anímeos a que, por quendas, expoñan ante os compañeiros e compañeiras as características do seu local. Estes poderanlles facer as preguntas que consideren oportunas. Para rematar, poden escoller entre todos cal lles pareceu o mellor local.

9. O PEOR SÁBADO DA VIDA DE TRISTÁN

Escribir os correos electrónicos de dous irmáns, un pesimista e outro optimista.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Como nesta actividade se propoñen dúas actividades de expresión escrita, se lle parece conveniente pode suxerirlles aos seus estudantes que fagan na casa o indicado no punto B.

ANTES DE EMPEZAR

Explique que Tristán e Feliciano son irmáns xemelgos, pero o primeiro é unha persoa moi negativa, mentres que o segundo sempre pensa en positivo. Se for preciso, comente a referencia ao carácter que suxiren os nomes dos irmáns. Dígalles aos seus estudantes que este sábado os dous fixeron varias cousas xuntos: foron ao cine, cearon nun restaurante e despois foron a unha festa. Faga unha fotocopia e reparta a **ficha 15** entre os seus estudantes. Dígalles que escriban a intervención de Feliciano segundo a información que lles acaba de facilitar.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles aos seus alumnos e alumnas o correo electrónico de Tristán e pídalles que o completen en parellas. Pasados uns minutos, pídalles que lean en voz alta o que escribiron para comparar as versións.

B. Agora, pídalles que escriban o correo que enviaría Feliciano. Repita o proceso anterior ou teña en conta o que apuntamos en “Observacións previas”.

10. AS NOSAS MELLORES EXPERIENCIAS

Elixir as catro cousas máis interesantes que se poden facer no lugar onde se atopan.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que lle preste especial atención ao proceso de negociación que se levará a cabo dentro de cada grupo. Para facilitalo, dentro da actividade os seus estudantes atoparán unha serie de ideas. Aclare, porén, que son ideas orientativas e que se poden engadir outras segundo as experiencias de cada un.

ANTES DE EMPEZAR

Copie no encerado algúns dos ítems que aparecen sobre a fotografía que ilustra a actividade e pregunte, referíndose ao lugar no que se atopan, por exemplo: **Cal é o bar que máis vos gusta?** Anote o primeiro que lle digan e repita a operación cos outros ítems que escribiu no encerado.

PROCEDEMENTOS

A. Divida a clase en grupos de tres e pídalles que pensen nas cousas máis interesantes que fixeron na cidade ou vila na que se atopan. Ao final, teñen que elixir as catro máis

interesantes, as que lle recomendarían a alguén que nunca estivo nese lugar. Remítaos aos ítems que aparecen no libro, pero advírtalles que son suxestións e que o importante son as experiencias que cada un tivo nun determinado lugar. No libro atoparán tamén un modelo de lingua que pode ser útil segundo o tipo de estudantes cos que vostede conta. Durante a negociación, achéguese aos diferentes grupos e préstelles a súa axuda ou fágalles suxestións, se as precisasen.

B. Anime a cada parella a lle presentar os seus pratos ao resto da clase. Unha vez finalizadas as presentacións, propoña que entre todos elixan os pratos que máis lle gusten á maioría, tendo en conta os hábitos alimentarios de todos. Dependendo do número de pratos presentados, poden seleccionar tres ou seis pratos, repartidos en primeiros, segundos e sobremesas. Escriba os nomes dos pratos seleccionados no encerado a modo de carta de restaurante.

C. Propoña que cada grupo escolla un representante para explicarlle ao resto da clase as catro propostas que escolleron. Dígalles que non só teñen que dicir o que é cada lugar, senón tamén como é e que ten de especial.



11. AGASALLOS

Elixir un disco, un libro e un filme galegos. Pensar un exemplo de cada un deses produtos que lle regalarían a un estranxeiro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se lle parece conveniente, leve outros títulos á clase para enriquecer o proceso de selección.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se coñecen títulos de música, literatura e cine feitos en Galicia. Dos exemplos que digan, pídalles que acheguen a maior cantidade de información posible (**autor/a, director/a, trama, estilo...**).

PROCEDEMENTOS

A. Sitúe os seus alumnos e alumnas e pídalles que imaxinen que nun centro comercial atoparon os discos, libros e filmes que aparecen na actividade. A seguir, anímeos a que lean a información que se dá de cada un e a que comenten en parellas, xustificando a opinión, cal lles gustaría mercar. Durante a fase de lectura, axúdeos no necesario se xurdisen dúbidas na comprensión dos textos.

B. Propoñalles que, ben en parellas ou en clase aberta, comenten que libro, que disco e que película lle recomendarían a un estranxeiro ou estranxeira que visita o seu país. De novo, teñen que xustificar as súas respostas.